# JORNADA INTERDIOCESANA DE ENSEÑANZA RELIGIOSA ESCOLAR. CARTA PASTORAL de los OBISPOS de la PROVINCIA ECLESIÁSTICA de Santiago

**Domingo 26 de abril de 2009**

Todos somos conscientes del importante cambio social y cultural que está viviendo nuestra sociedad. En esta situación, una de las exigencias fundamentales es lograr una auténtica educación de calidad preocupada, no sólo de transmitir conocimientos intelectuales y técnicos, sino también de formar personas en todas las dimensiones de la vida y, por tanto, también la dimensión religiosa.

Por eso es legítimo reclamar la presencia de la religión en el marco escolar. Es ese un derecho fundamental que tenéis vosotros, padres, reconocido por la Constitución española y que todo gobierno debe respetar y garantizar. Vosotros sois los auténticos responsables de la educación de vuestros hijos y tenéis el derecho y la responsabilidad de que sean educados conforme a vuestras propias convicciones religiosas y morales.

Es necesario proclamar, quizá hoy con más fuerza, que la fe y el mensaje del evangelio no son enemigos de la felicidad personal ni del bien de la sociedad. Los cristianos creemos que en Jesucristo y su Palabra encontramos aquellos valores que pueden darnos el pleno sentido de la vida, del mundo y de la historia. La enseñanza religiosa pretende, en diálogo con las otras materias, ofrecer la respuesta cristiana a las grandes preguntas de la vida para que los alumnos puedan encontrar en ella la luz que les ilumine a la hora formar su personalidad e insertarse en medio de la sociedad.

Es triste ver cómo, a veces, algunos padres que se confiesan católicos y piden los sacramentos para sus hijos en la parroquia, no se preocupan después de solicitar para ellos la enseñanza religiosa. Y algunos lo hacen dejándose llevar por una mal llamada modernidad donde se pretende desterrar la religión de la vida, de la sociedad y de los centros educativos.

Por eso queremos recordaros vuestro compromiso educativo cristiano. No temáis proponer a vuestros hijos un mejor conocimiento del mensaje cristiano y una vivencia de los valores del evangelio. En el lema de este año se nos recuerda que en la educación religiosa han de colaborar estrechamente la familia, la parroquia y el colegio. Cada una con su tarea específica pero apoyándose mutuamente. Es mucho lo que todos nos jugamos en estos momentos respecto a la educación de la juventud. Son muchos los valores de los jóvenes, pero también sus peligros. Es necesario apostar seriamente por una educación integral que les ayude a enfrentarse a la vida con optimismo y esperanza.

Invitamos a vosotros, padres, a mantener firme la decisión de solicitar para vuestros hijos la clase de religión. Y a vosotros, alumnos, también os invitamos a solicitar la enseñanza religiosa. Rechazad otras ofertas vacías de contenido y apostad por una asignatura que os permita conocer mejor el cristianismo y poder así dialogar con otras culturas y religiones y trabajar por la verdad, la paz y la solidaridad.

También deseamos agradecer la tarea que llevan a cabo los profesores de religión católica en situaciones, a veces, difíciles. Os animamos a continuar con ilusión en esa tarea tan importante.

Que el Señor os ayude a todos los que colaboráis en una mejor formación humana y religiosa de la infancia y la juventud.

Os saludan con todo afecto y bendicen en el Señor.

+ Julián Barrio, Arzobispo de Santiago
+ José Diéguez, Obispo de Tui-Vigo
+ Luis Quinteiro, Obispo de Ourense
+ Manuel Sánchez, Obispo de Mondoñedo-Ferrol
+ Alfonso Carrasco, Obispo de Lugo
+ José Cerviño, Obispo Emérito de Tui-Vigo

PARA MÁS INFORMACIÓN
**Luis Otero Outes**, Vicario Episcopal de Enseñanza de la Archidiócesis de Santiago, 981581285 - 630072800

# XORNADA INTERDIOCESANA DE ENSINANZA RELIXIOSA ESCOLAR. CARTA PASTORAL dos BISPOS da PROVINCIA ECLESIÁSTICA de Santiago

**Domingo 26 de abril de 2009**

Todos somos conscientes do importante cambio social e cultural que está vivindo a nosa sociedade. Nesta situación, unha das esixencias fundamentais é acadar unha auténtica educación de calidade preocupada por introducir aos nenos e mozos á comprensión razoable e rigurosa , de todas as dimensións da realidade e, polo tanto, tamén da dimensión relixiosa.

Por iso, é lexítimo reclamar que, no marco escolar, a relixión sexa abordada tamén dun modo explícito, que permita a súa comprensión racional. De outro xeito os nenos e mozos quedarían indefensos ante propagandas e ideologías, por non ter sido axudados a conquerir unha conciencia crítica sobre as súas conviccións máis importantes, referidas a súa persoa, ó mundo e á Deus. A presenza da relixión no marco escolar é un dereito fundamental dos pais. Como auténticos responsables da educación dos vosos fillos tendes o dereito e a responsabilidade de que sexan educados en conformidade coas vosas propias conviccións relixiosas e morais.

Cómpre proclamar, quizáis hoxe con máis forza, que a fe e a mensaxe do Evanxeo non son inimigos da felicidade persoal nin do ben da sociedade. Os cristiáns cremos que en Xesucristo e na súa Palabra atopamos aqueles valores que poden darnos o pleno sentido da vida, do mundo e da historia. A ensinanza relixiosa pretende, en diálogo coas outras materias, axudar a comprender razoablemente a resposta cristiá ás grandes preguntas da vida para que os alumnos poidan atopar nela a luz que lles ilumine á hora de formar a súa personalidade e insertarse no medio da sociedade.

É unha mágoa ver como, ás veces, algúns pais que se confesan católicos e piden os sacramentos para os seus fillos na parroquia, non se preocupan logo de solicitar para eles a ensinanza relixiosa na escola. E algúns fano deixándose levar por unha mal chamada modernidade onde se pretende desterrar a relixión da vida persoal, da sociedade e dos centros educativos.

Por iso queremos lembrarvos o voso compromiso educativo cristián. No lema deste ano lémbrasenos que na educación relixiosa han de colaborar estreitamente a familia, a parroquia e a escola. Cada unha coa súa tarefa específica pero apoiándose mutuamente. É moito o que todos nos xogamos. nestes momentos respecto á educación dos nenos e da mocidade. Son moitos os valores dos mozos, pero tamén moitos os seus perigos. Cómpre apostar

seriamente por unha educación integral que lle axude a enfrontarse á vida con optimismo e esperanza.

Invitámosvos a vós, pais, a manter firme a decisión de solicitar para os vosos fillos a materia de relixión na escola. E a vós, alumnos e alumnas, tamén vos invitamos a solicitar a ensinanza da Relixión e Moral católica. Apostade por esta materia que vos permita coñecer mellor o cristianismo e poder así dialogar con outras culturas e relixións, e traballar pola verdade, a paz e a solidariedade.

Tamén desexamos agradecer a tarefa que levan adiante os mestres e profesores de relixión católica, en situacións, ás veces, difíciles. Animámosvos a continuar con ilusión nesta tarefa tan importante.

Que o Señor vos axude a todos os que colaborades nunha mellor formación humana e relixiosa da infancia e da mocidade.

Saúdanvos con todo afecto e bendícenvos no Señor

+ Julián Barrio, Arcebispo de Santiago
+ José Diéguez, Bispo de Tui-Vigo
+ Luis Quinteiro, Bispo de Ourense
+ Manuel Sánchez, Bispo de Mondoñedo-Ferrol
+ Alfonso Carrasco, Bispo de Lugo
+ José Cerviño, Bispo Emérito de Tui-Vigo

PARA MÁIS INFORMACIÓN
**Luis Otero Outes**, Vicario Episcopal de Ensinanza da Arquidiocese de Santiago, 981581285 - 630072800